



ASUNTO: PROCESO CONGRESUAL NAS CCOO

Estimada afiliada/Estimado afiliado:

CCOO de Galicia convoca o seu 12º Congreso para o 6 e 7 de maio de 2021. O proceso iníciase o vindeiro 23 de novembro, coa participación do conxunto da afiliación nas asembleas comarcais e de seccións sindicais. Neste período de debate e participación colectiva,

1. fixamos as prioridades de acción da organización e as liñas estratéxicas;
2. debatemos a regulación que rexe a nosa organización: os Estatutos;
3. eliximos os órganos de dirección: secretarías xerais e comisións executivas para o conxunto das CCOO de Galicia; e
4. eliximos tamén a delegación que participará no Congreso Confederal, os días 1, 2 e 3 de xullo de 2021 en Madrid.

As Normas que regulan o proceso congresual, aprobadas polo Consello Nacional do pasado 14 de xullo de 2020, están ao voso dispor na web:

http://www.ccoo.gal/webgalicia/O_teu_sindicato:12_Congreso

Nos próximos días, unha comisión formada polo conxunto de organizacións comarcais e federais que compoñen o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia iniciará os traballos de redacción dos documentos de propostas para o debate. No marco deste proceso previo, posibilitámosvos que acheguedes propostas, suxestións ou os elementos que consideredes prioritario que recollan estes documentos. Poderedes facelo a través dun cuestionario que estará localizado na web do S. N., www.ccoo.gal, como **12º Congreso S. N. CCOO Galicia**.

Esta iniciativa non menoscaba a oportunidade de, como afiliada ou afiliado, presentardes as emendas que consideredes dentro do proceso asembleario previo, ao que se vos convocará debidamente polas vosas organizacións de rama e que se desenvolverá dende o 23 de novembro de 2020 ata o 22 de xaneiro de 2021.

Afrontamos este 12º Congreso nun contexto social e económico dunha relevancia sen precedentes. Do noso acerto colectivo, do acerto do conxunto das Comisións Obreiras, dependerá en gran medida que, nesta inédita crise, a clase traballadora participe de maneira efectiva no goberno dos plans de reactivación económica e social, así como nos procesos de transición tecnolóxica, ecolóxica e demográfica.

Facémolo situándonos no empeño colectivo por unha sociedade máis xusta, na que o dereito ao traballo e os dereitos no traballo sexan o pilar central da reconstrución económica e social do noso país.



secretaría xeral
comisión executiva nacional
sindicato nacional de comisións obreiras de galicia

Rúa Miguel Ferro Caaveiro n.º 8
(15707 - Santiago de Compostela)
Tel. 981 551 860 | Fax 981551 861
sn@galicia.ccoo.es
www.galicia.ccoo.es

Como afiliado e afiliada, es parte dunha organización radicalmente democrática, algo complexa tamén no plano organizativo, pero que se esforza acotío por ser máis eficiente na solución dos teus problemas individuais, para mellorar o teu convenio colectivo, loitar por unha normativa laboral equilibrada; mais tamén para defender os servizos públicos, a igualdade e a defensa do medio ambiente e ampliar o conxunto dos dereitos da cidadanía.

A actual situación confírelle a este 12º Congreso unha dimensión crucial. Dende o sindicalismo de clase somos capaces de xerar ideas con análise e rigor, de estendelas e pelexar por elas coa mobilización social e agrupar unitariamente os teus intereses e prioridades. A eficacia da intervención sindical multiplícase coa túa participación efectiva na acción do Sindicato.

«Camaradas, o capitalismo é a explotación do home polo home. O sindicalismo é o contrario»

Recibe unha aperta.

Santiago de Compostela, agosto de 2020

Ramón Sarmiento Solla
Secretario xeral
S. N. de CCOO de Galicia